

# ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE MAIO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

## SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día dezanove de maio de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (28/04/2016).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

### **2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Instancia núm. 201600000000381 de don Marcos Ferreiro Nieto e outros. (Expediente núm. 2016/U022/000010)

Dáse conta da citada instancia na que Marcos Ferreiro Nieto, Gloria Ferreiro Nieto e Carmen Nieto Castro, con domicilio en San Fins de Sales, solicitan licenza para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita en Cornado nº 18 (Expediente núm.: 2016/U022/000010), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais N1”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por dona Jesús M. Carrillo Pena, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas S+B+1 Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m, e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000201500NH43G.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, e tendo en conta que cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do Concello de Vedra, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construírse de acordo co proxecto presentado.

-En cumprimento da lexislación vixente deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento e debéndose axustar a instalación de saneamento ao establecido no decreto 29/2010 de habitabilidade das vivendas de Galicia. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para viais, que deberá quedar axardinada e co mesmo rasante que o vial.

-Deberase garantir a seguridade vial na zona adoptando as medidas precisas

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viarias nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto, de 238,90 m<sup>2</sup>, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil cento oitenta e tres euros (#2.183,00#)

2.2.- Comunicación previa de obra de dona Cecilia Ignacia Millán López. (Expediente 2016/U026/000023)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000023 de comunicación previa de obra promovida por dona Cecilia Ignacia Millán López para rehabilitación de vivenda, de aproximadamente 75 m en planta, consistente en cambiar a tella e pintar as fachadas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 8662905NH4386S, emprazada en Castro, 31 .-Ponte Ulla, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta euros con trinta e sete céntimos (#80,37#).

### **3º.- Acordo, se procede, sobre renovación autorización funcionamento de furancho.**

3.1.- Instancia número 1531/2016 de Juan Manuel Bascoy Fernández.

Dáse conta da solicitude de cambio de titularidade achegada por don Juan Manuel Bascoy Fernández, en calidade de titular da autorización para funcionamento de furancho en Tomonde, 26 (Santa Cruz de Ribadulla) a nome de don Eugenio Bascoy Fernández.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por don Eugenio Bascoy Fernández, para renovar a autorización concedida para pór en funcionamento o establecemento dedicado a furancho no lugar de Tomonde, 26 (Santa Cruz de Ribadulla).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, que non supoñen modificacións na autorización de apertura de data do 16 de xaneiro de 2014 manténdose as condicións do acordo inicial, e toma coñecemento do novo titular, don Eugenio Bascoy Fernández.

O novo período de apertura comunicado será do 4 de maio ao 30 de xuño de 2016. Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

#### 4º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
P 601811	12/04/2016	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2016 a marzo/2017 (mes abril)
RMB/16-0211	15/04/2016	150,00	Femp	Cota do concello de Vedra de asociado á Rede de Gobernos Locais+Biodiversidade correspondente ao ano 2016
14/2016	29/04/2016	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Honorarios por informes e xestións urbanísticas do concello de Vedra durante o mes de abril
LT-0779	15/04/2016	347,98	Tallunion, S.L.	Revisión do vehículo contra incendios Bull matrícula 1106FZZ realizada en abril
A-001120	28/04/2016	253,69	Paperstore S.L.	Unha destrutora de papel para o departamento de servizos sociais e material de oficina subministrado en abril
36 3176	20/04/2016	585,20	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da casa da Terceira Idade subministrado en abril
36 3215	22/04/2016	280,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción do centro de saúde subministrado en abril
26801	13/04/2016	207,19	Restaurante Villa Verde	Servizos de restauración prestados o 13/04/2016 con motivo de reunión dos alcaldes do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro
GC00029	29/04/2016	1.200,00	Maeve McLoughlin	Clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de abril
L 01	30/04/2016	725,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza no C.P.I de Vedra durante o mes de abril/2016 (do día 18 ao día 30)
Emit- 16002805	30/04/2016	694,18	Baygar, S.L.	Materiais para a área recreativa de Cubelas e sinais de tráfico para as vías públicas municipais subministrados en abril
V-04-2016 302	30/04/2016	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal mes abril
V-04-1-2016 303	30/04/2016	4.828,21	Ana Naya García, S.L.	Cota do concello correspondente ao servizo de xestión da escola infantil 0-3 (gardería) municipal mes abril/2016
2016 35	02/05/2016	6.241,48	Acofide 2000 Xestión, S.L.	Servizos de xestión de actividades e mantemento do polideportivo municipal mes abril
10	29/04/2016	1.925,11	Instalac. Eléctricas Lino - Casal Neira Lino	Traballos no 1º cuadrimestre /2016 nos colexios, escolas, ludoteca, locais estación tren, biblioteca, Xornada Camelia e outros

4	30/04/2016	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes abril
A16/228	26/04/2016	1.530,17	Germán Mallo, S.L.	Reposición das catro rodas traseiras do camión de recollida do lixo 9047HPG efectuada o 14/04/2016
32114760	22/04/2016	749,75	Automóviles Louzao, S.L.U.	Revisión do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o 21/04/2016
A/13	31/03/2016	251,96	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Alimento subministrado para os cabalos que participaron no Entroido municipal 2016
A/16	08/04/2016	29,88	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Materiais e produtos subministrados en abril para o curso de agroformación dirixido a mulleres (programa Vives Em-prende)
1/2016	21/02/2016	500,00	Asociación O Souto (San Fins)	Traballos de mantemento da carballeira do Souto de S. Fins de Sales (limpeza, poda árbores, corta céspede e retirada materiais)
2016/0902	31/03/2016	8.224,84	Sogama S. A.	Tratamento de residuos urbanos mes marzo 2016
183//16	30/04/2016	141,12	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Materiais para mantemento da maquinaria da brigada verde subministrados no mes de abril
438/16	28/04/2016	107,79	Gráfica de Asturias S.L.	Selos de caucho para o Xulgado de Paz subministrados en abril
394/16	28/04/2016	24,20	Gráfica de Asturias S.L.	Tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade subministradas ao departamento de servizos sociais en abril
5626201668000378	29/04/2016	2.356,34	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa en frío para arranxo de pistas municipais subministrado o 25/04/2016
16-553	30/04/2016	50,00	Puente Ulla S.L.	Gasóleo subministrado o 07/04/16 para vehículo de transporte ata Vigo da axuda humanitaria (roupa) aos refuxiados sirios
16-560	30/04/2016	6,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 subministrada o 11/04/2016 para a formigoneira da brigada municipal de obras
16-559	30/04/2016	5,00	Puente Ulla S.L.	Luvas de nitrilo para o manexo da retroescavadora E6073BBD subministradas en abril
16-558	30/04/2016	32,80	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo furgoneta C15 matrícula C4470BM subministrado en abril
16-557	30/04/2016	26,50	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada en abril
16-554	30/04/2016	59,33	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo contra incendios matrícula 1106FZZ subministrado en abril
16-555	30/04/2016	30,65	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 e outros produtos para o vehículo de protección civil matrícula 3663HNG subministrados en abril
16-556	30/04/2016	1.076,55	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos subministrados durante o mes de abril para o camión de recollida do lixo 9047HPG
16-546	30/04/2016	333,26	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado durante o mes de abril
Recibo 20160501	02/05/2016	56,32	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a Movistar+ para casa da Terceira Idade durante o mes de maio

EO 044	29/04/2016	6.098,04	Obras y Viales Galicia, SL (OVIGA)	Realización obra reforma de recollida de pluviais na casa da Terceira Idade de Vedra (RA 55/2016)
4001775001	30/04/2016	443,85	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa prestados no mes de abril
1750	30/04/2016	78,65	Asvetrans, S.L.	Servizo de transporte de mestura bituminosa para arranxo de pistas dende Probisa en Santiago a Vedra o 25/04/2016
133	30/04/2016	211,75	Mobraferr, s.l.u.	Aluguer de pisón do 25 ao 29/04/2016 para traballos de arranxo de pistas municipais realizados pola brigada de obras
93731740	05/05/2016	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de aluguer da máquina fotocopiadora da planta baixa correspondente ao mes de maio
2016286	03/05/2016	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal durante o mes de abril/2016
463	27/04/2016	1.631,08	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Traballos de fontanería realizados no pozo da auga da escola de San Miguel de Sarandón
A/60	30/04/2016	1.151,73	García Sarandón, S.L.U.	Materiais e produtos diversos subministrados en abril para s.sociais,educación,cultura,turismo,vías públicas e outros
042-02-00249	30/04/2016	302,50	Radio Popular, SA – Cope	Contrato colaboración para emisión información de todo tipo relativa ao concello de Vedra de feb. a dec. de 2016 (mes abr)
2	28/03/2016	250,47	Doce Codeso José	Traballos de pintura da enfermería do centro de saúde feitos en marzo
53	30/04/2016	796,00	Producciones Audiovisuales Sete Media, S.L.	Gastos promoción turística da XXXVI Exaltación do Viño da Ulla a través da emisión do programa ""Aquí Galicia"" o 09/04/16
4441	07/04/2016	13,38	Mercamella, S.L.	Alimentos e outros produtos adquiridos en abril para a ludoteca municipal
11 tickets	26/04/2016	85,44	Acredores diversos	Alimentos e outros produtos adquiridos en abril para o servizo municipal de madrugadores
FE16321199418516	06/04/2016	78,75	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Paradela período 26/02/2016 - 23/03/2016
FE16321199418515	06/04/2016	1.200,67	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra período 29/01/2016 - 26/02/2016
FE16321199418517	06/04/2016	362,23	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 27/02/2016 - 29/03/2016 (CUPS ES0022000007480452RB1P)
FE16321199418519	06/04/2016	323,72	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Ponte Ulla período 27/02/2016 - 29/03/2016
FE16321199418518	06/04/2016	228,91	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 27/02/2016 - 29/03/2016 (CUPS ES0022000004975461QL1P)
FE16321199418513	06/04/2016	519,31	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Dozar período 27/02/2016 - 30/03/2016
FE16321199418514	06/04/2016	145,70	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Fufín período 27/02/2016 - 30/03/2016

FE16321200140334	13/04/2016	1.328,33	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra período 27/02/2016 - 30/03/2016
FE16321200715195	20/04/2016	672,88	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Sol período 29/01/2016 - 29/03/2016
FE16321199931277	11/04/2016	371,64	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa consistorial período 29/01/2016 - 26/02/2016
FE16321200290678	14/04/2016	716,94	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande período 29/10/2015 - 25/11/2015
FE16321200290679	14/04/2016	536,02	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande período 26/11/2015 - 18/12/2015
FE16321200290680	14/04/2016	1.319,59	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande período 19/12/2015 - 28/01/2016
FE16321200290677	14/04/2016	1.282,71	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande período 26/08/2015 - 28/10/2015
FE16321199931278	11/04/2016	382,23	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa consistorial período 27/02/2016 - 30/03/2016
0027 14 0307 67	09/05/2016	19,08	Alcampo Santiago	Alimentos para o servizo municipal de madrugadores mercados en maio
FE16321200290681	14/04/2016	1.057,00	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande período 29/01/2016 - 25/02/2016
FE16321200290682	14/04/2016	990,34	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande período 26/02/2016 - 23/03/2016
2016/1181	30/04/2016	6.881,38	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos mes abril/2016
35002014	29/04/2016	435,96	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa (período contadores 01/04/2016-30/04/2016)
139 FACTURAS	01-02-03-29-30/04/2016	10.955,67	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública municipal correspondente a diversos períodos (regularización 2S/2015, e subministro 1T/2016 e 04/2016)
19 FACTURAS	02-29-30/04/2016	2.063,83	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a instalacións, edificios e locais municipais durante os meses de marzo e abril/2016
V00064	30/04/2016	91,52	Frutas Compostela, S.L.	Produtos subministrados en abril para a Semana da Ciencia 2016
16/00418	30/04/2016	1.724,24	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de colectores de colchóns, escombros, pneumáticos e plásticos prestado no punto limpo no mes de abril/2016
A10003519728-0516	01/05/2016	1.163,50	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período do 01/04/2016 ao 30/04/2016
58911	09/04/2016	15,00	Hipercor S.A.	Bandexas de lousa mercadas en abril para utilización na mostra Feiravedra 2016
16/065	30/04/2016	260,09	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en abril para obras da brigada nas vías públicas en Merín, Trasariz e Ximonde
16/066	30/04/2016	69,33	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para mantemento da escola de San Xián de Sales e outros subministrados en abril

0232/E16	29/04/2016	317,55	Talleres San Fins S.L.	Reparación da retroescavadora E6073BBD realizada o 21/04/2016
0231/E16	29/04/2016	63,83	Talleres San Fins S.L.	Reparación picada roda do tractor E7264BFN o 19/04/2016
0230/E16	29/04/2016	338,74	Talleres San Fins S.L.	Substitución da batería e lámpada do tractor Lamborghini E9223BBB realizadas en abril/2016
0229/E16	29/04/2016	61,47	Talleres San Fins S.L.	Reparación e posta a punto da motoseerra da brigada verde realizadas o 07/04/2016
0228/E16	29/04/2016	232,48	Talleres San Fins S.L.	Reparación ca capota do tractor J. Deere E2564BDT realizada o 29/04/2016
0227/E16	29/04/2016	48,40	Talleres San Fins S.L.	Purgado do circuíto de gasóleo do tractor J. Deere C89650VE en San Pedro de Sarandón o 29/04/2016
0226/E16	29/04/2016	2.199,21	Talleres San Fins S.L.	Reparacións das rozadoras lateral e avanzada realizadas durante o mes de abril/2016
045500001016FAC	01/05/2016	15.235,85	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar para a dependencia mes abril (horas ordinarias e festivas)
045500001116FAC	01/05/2016	3.744,95	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar mes abril (horas de libre concorrencia)
045500001216FAC	01/05/2016	1.524,10	Clece, S.A.	Prestación do servizo de apoio e asesoramento do SAD de xestión municipal durante o mes de abril (RA 83/2016)
1153404238	01/05/2016	137,94	Orange Espagne, S.A.U.	Cota mensual do servizo de internet + sede asimétrica prestado durante o período 01/04/2016-30/04/2016
19	29/04/2016	58,08	Camino Bouzón Miguel Ángel	Traballos de mantemento realizados o 19/04/2016 no sistema de calefacción da casa da Terceira Idade
20	29/04/2016	21,78	Camino Bouzón Miguel Ángel	Purgado do gasóleo e revisión da presión da calefacción do centro de saúde de Vedra realizados o 26/04/2016
129484272-160121801735	12/05/2016	33,26	Deputación Provincial da Coruña	Autoliquidación de taxas provinciais por obras de cerre derivadas da ampliación da estrada Gaiosa-Ponte de Saradón
Liquidación		212,10	Canedo De La Torre María	Quilometraxe de marzo e abril e indemnización e gastos de transporte por asistencia a curso, organizado pola Deputación e o INAP na Coruña.
Liquidación		196,50	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes abril
Liquidación		163,50	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes abril
Liquidación		164,50	Vilariño Rodríguez M <sup>a</sup> Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes abril

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

**5º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.**

### 5.1.- Escrito num. 448/16 de Obras y Viales de Galicia, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, como apoderado de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Ampliación da rede de abastecemento Vedra -Xián*, cofinanciada pola Deputación Provincial a través dos programas de subvencións dirixidos a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica durante o ano 2014 (FOAYIA).

Dáse conta así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

### 6º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do mes de abril:

Nº Decreto	Data	Asunto
101	01/04/2016	Autorización corte vías municipais para a festa do Viño da Ulla
102	01/04/2016	Autorización corte de vías municipais para a XVII Festa do Escalo en Agronovo -Santa Cruz de Ribadulla
103	01/04/2016	Acordando tres altas novas no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo no exercicio 2016
104	01/04/2016	Autorización para instalar postos de venda na Festa do Viño da Ulla
105	04/04/2016	Resolución modificando importes solicitude Obradoiro de Emprego Vedra - Boqueixón 2016
106	05/04/2016	Alta no padrón municipal de habitantes de don Fernando Villaverde Iglesias
107	06/04/2016	Autorización corte de estrada en Ponte Ulla para as festas de San Xosé Obreiro
108	06/04/2016	Non admitindo recurso interposto por Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.L contra R.A pola que se recordaba falta de pagamento de liquidacións
109	06/04/2016	Ampliación SAF ao dependente don Eugenio Montero Couto
110	06/04/2016	Cambio domicilio de don Humberto Buján Pereiras
111	06/04/2016	Adxudicando obra de ampliación de vial en Neira de Abaixo a Espina Obras Hidráulicas, S.A
112	06/04/2016	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de don Arcadio Vázquez Cabajales
113	06/04/2016	Concesión praza na gardería á menor Miriam Estévez García
114	07/04/2016	Ordenando o pagamento do primeiro prazo da débeda con Viaqua (Contencioso-administrativo)
115	07/04/2015	Autorización corte de vías municipais para a Festa da Orella en San Fins
116	11/04/2016	Autorización corte de vías municipais para as festas de San Pedro Mártir en San Cristovo de Merín
117	11/04/2016	Ordenando a instrución do expediente para propoñer o nomeamento de don Horacio Pegito Lobato como Alcalde Honorario de Vedra e designando instrutor do mesmo á 1ª Tenente de Alcalde dona María Jesús Piñeiro Caldelas
118	11/04/2016	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de dona E. B. E.
119	11/04/2016	Estimando reclamación de don José Rodríguez Fouces ao padrón fiscal de 2016
120	13/04/2016	Concesión axuda de emerxencia social
121	13/04/2016	Solicitude de subvención á Deputación para a contratación do socorrista
122	13/04/2016	Resolución acordando unha alta nova no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2016
123	13/04/2016	Autorización para posesión de can de raza perigosa
124	13/04/2016	Orde de execución por denuncia por vertedoiro de plásticos e vehículos abandonados en Tomonde -Santa Cruz
125	13/04/2016	Concedendo permiso retribuído de 30 días naturais por coidado de familiar en 1º grado, segundo convenio, a traballador municipal
126	15/04/2016	Incorporación SAF libre concorrencia de dona Carmen Alvela



127	15/04/2016	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de dona Belén Barco Espiño
128	15/04/2016	Incorporación ao SAF - Dependencia de don Francisco Félix Araujo Varela e baixa en libre concorrència
129	15/04/2016	Incorporación do arquivo histórico municipal no Inventario Municipal de Bens
130	15/04/2016	Alta no padrón municipal de habitantes de familia Gómez Vázquez
131	18/04/2016	Aprobando anexos I e V.I e V.II da obra do proxecto de urbanización integral na Torre -San Xián de Sales do POS 2016
132	20/04/2016	Alta no padrón municipal de habitantes de Jessica A. Dos Santos
133	21/04/2016	Incoando expediente de reposición de legalidade por obras de reconstrución de muro en A Ferreira -San Fins de Sales por don José Rodríguez García
134	21/04/2016	Concesión praza gardería ao menor Assier Gómez Vázquez
135	21/04/2016	Alta padrón municipal de habitantes de dona Sara Quián Rivera
136	22/04/2016	Ordenando a retirada de pivotes en Castro -Ponte Ulla
137	22/04/2016	Ordenando a inscrición da Asociación Cultural e de Festexos de Ximonde no Rexistro Municipal de Asociacións
138	22/04/2016	Ordenando a inscrición da Asociación Cultural e Deportiva Acuxuve no Rexistro Municipal de Asociacións
139	22/04/2016	Alta no padrón municipal de habitantes de don José Manuel Martínez Aquino
140	25/04/2016	Arquivando expediente de reposición da legalidade por obras en Viño grande - San Andrés de Illobre
141	25/04/2016	Concesión autorización Festa da Orella
142	25/04/2016	Concesión autorización festas de San Pedro Mártir en San Cristovo de Merín
143	26/04/2016	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes de dona M <sup>a</sup> . José Varela Barreiro
144	26/04/2016	Concesión autorización festas de Ponte Ulla
145	27/04/2016	Alta no padrón municipal de habitantes de dona M <sup>a</sup> . Dolores Salgueiro Canicoba
146	28/04/2016	Alta no padrón municipal de habitantes de dona Matilde Rial Negreira

A Xunta de Goberno dáse por informada.

## 7º.- Outros asuntos.

7.1.- Solicitudes de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

7.1.1.- Escrito núm. 596/16 de dona P. A. S.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 68%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e o Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.1.2.- Escrito núm. 597/16 de dona M. C. I. A. E.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 65%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e o Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.2.- Escrito núm. 595/16 do CRA Boqueixón –Vedra.

Dáse conta do citado escrito no que dona Yolanda Neira Gómez, en calidade de directora do CRA Boqueixón -Vedra, expón que o vindeiro 7 de xuño teñen previsto realizar unha excursión ao Parque Zoolóxico de Marcelle en Lugo, polo que solicita, como xa vén sendo habitual, que poña á súa disposición un autobús para os nenos/as das escolas unitarias de Vedra. A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.